



## **CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CON MOTIVO DO DÍA DA MULLER TRABALLADORA 2018**

Con motivo do 8 de marzo, Día da Muller, a Concellería da Muller e Igualdade, do

Concello de Ribadavia, celebra un ano máis o concurso de fotografía en colaboración cos Establecementos Asociados do Ribeiro e a Asociación de Fotógrafos do Ribeiro.

A temática está relacionada coas mulleres no eido laboral. A finalidade non é outra que outorgarlle o papel que desenrollan as mulleres nos diferentes ámbitos, darlle visibilidade e o lugar que merecen.

Para participar preme aquí para ver as bases.

**Organiza: Concellería de Benestar** xunto coa **Omix do Concello de Ribadavia**

Colaboran: **Asociación de Establecementos Asociados do Ribeiro e a Asociación de Fotógrafos do Ribeiro**

Con motivo do Día da Muller Traballadora, organizamos o **II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA:**

Para participar:

- Tes que facernos chegar fotos de mulleres da nosa comarca
- A temática está relacionada coas mulleres do noso concello.
- Poden participar todas aquelas persoas que o desexen e que non sexan fotógrafas/os profesionais.
- Poden presentarse fotografías feitas co teléfono móbil ou cámaras e permítense todo tipo de retoques e filtros, con un máximo de 2 fotos por participante.
- Podes enviar as túas fotografías xunto co nome, apelidos, teléfono, mail e título da fotografía, aos seguintes enderezos:

benestar@ribadavia.es

[omix.ribadavia@gmail.com](mailto:omix.ribadavia@gmail.com)

\* Prazo de participación é ata o día 5 marzo de 2018 ás 15h

\*A entrega de premios será o xoves 8 de Marzo ás 13:00 horas no salón de plenos do Concello de Ribadavia

Os premios:

- Primeiro premio: xantar nun restaurante da nosa vila.
- Segundo: Tratamento Termas Prexigueiro
- 3º e 4º Circuito termal Prexigueiro
- 5 premio: estuche de viño da D.O Ribeiro.

O xurado estará formado por un membro da Asociación de Establecementos Asociados de Ribadavia, un membro da Asociación de Fotógrafos do Ribeiro, o técnico da OMIX de Ribadavia e as Concelleiras de Benestar e Xuventude do Concello de Ribadavia.

- A valoración da deliberación por parte do xurado terá en conta os seguintes puntos:
- Sensibilidade dende o punto de vista do fotógrafo.
- Orixinalidade e creatividade.

A puntuación irá de 1-5 puntos

1	1 puntos
2	2 puntos
3	3 puntos
4	4 puntos
5	5 puntos

\*As que consigan mellor puntuación serán as premiadas, non podendo acumular premios o mesmo participante.

\*As persoas participantes autorizan no momento de participar, a publicación e difusión das fotografías, ben sexa dependencias do Concello, redes sociais oficiais pertencentes ao Concello de Ribadavia e locais de exposición propostos pola Asociación de Establecementos Asociados do Ribeiro.

\*As fotografías participantes quedarán en propiedade da Área de Igualdade do Concello de Ribadavia, para exposición pública.